(MP0936\_12) CA6.7 Realizáronse as hipóteses das causas dunha avaría nunha máquina en servizo, relacionándoa cos síntomas que presente o sistema.

(MP0936\_22) CA6.7 Realizáronse as hipóteses das causas dunha avaría nunha máquina en servizo, en relación cos síntomas que presente o sistema.

(MP0936\_12) CA6.8 Determináronse os equipamentos e os utensilios necesarios para resolver unha avaría nunha máquina en servizo.

(MP0936\_22) CA6.8 Determináronse os equipamentos e os utensilios necesarios para resolver unha avaría nunha máquina en servizo.

(MP0936\_12) CA6.9 Localizáronse os elementos responsables dunha avaría previamente diagnosticada no sistema pneumático.

(MP0936\_22) CA6.9 Localizáronse os elementos responsables dunha avaría previamente diagnosticada no sistema hidráulico.

(MP0936\_12) CA6.10 Arranxáronse as avarías ou disfuncións no sistema pneumático, restablecendo as súas condicións funcionais.

(MP0936\_22) CA6.10 Arranxáronse as avarías ou disfuncións no sistema hidráulico, restablecendo as súas condicións funcionais.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Para a superación do módulo terá que obter unha nota superior a 5 puntos en cada unha das dúas unidades, tanto teórica coma práctica. Realizarase primeiramente a parte teórica e a continuación, a parte práctica (para poder realizar a parte práctica, é necesario acadar un valor de 5 puntos ou máis na parte teórica).

A nota final calcularase da seguinte maneira: 30% Unidade Teórica + 70% Unidade Práctica (lembrar que ten que acadar un mínimo do 50% de cada unha das partes independentemente para facer media).

O mínimo exigible versará sobre:

Procesos de mantemento (gamas de mantemento)  
Secuencias e cargas de traballo (equilibrado de liñas)  
Plan de montaxe  
Catálogo de repostos  
Orzamentos  
Ferramentas de calidade  
Control de equipamentos  
Calidade total

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A.- Proba teórica que constará de dúas partes:

1.- Proba escrita sobor de de coñecementos teóricos baseada nos principios e leis fundamentais.

2.- Proba escrita sobor de Problemas e esquemas. Resolver problemas e realizar esquemas e cronogramas de acordo coas condicións establecidas e necesidades requeridas.

A puntuación desta proba estará comprendida entre 0 e 10.

A parte 1.- Teoría terá o 40% da valor da nota ( 4 Puntos)

A parte 2.- Os problemas e esquemas terá o 60 % do valor da nota ( 6 Puntos )

A proba teórica valorase coa seguinte fórmula:

$$A = (A \text{ parte } 1 * 0,4) + (A \text{ parte } 2 * 0,6)$$

Esta proba no seu conxunto (A) terá un peso do 40 % da nota final

NOTA.- Será imprescindible obter una puntuación igual ou superior a 5 puntos nas dúas probas, para poder superar o módulo.  
A proba teórica (A) será eliminatoria, de non obter una nota igual ou superior a 5 puntos non se poderá presentar a la "B" práctica.

$$- \text{"A nota final} = (A * 0,4) + (B * 0,6) \text{"}$$

#### 4.b) Segunda parte da proba

B.- Proba práctica que constará de dúas partes:

1.- Montaxe práctico de acordo cun esquema determinado o fixando previamente as condicións de funcionamento, Materiais, ferramentas, instrumentos de medida necesarios, proceso de montaxe, normativa e observacións.

2.- Detectar e resolver unha avaría nunha instalación seguindo criterios técnicos

A puntuación desta proba (B) no seu conxunto estará comprendida entre 0 e 10.

B parte 1.- Terá o 60% do valor da nota ( 6 Puntos)

B parte 2.- Perfectamente resolta terá un valor do 30 % ( 3 puntos )

A estética, amigabilidade y presentación 10 % ( 1 punto )

Esta proba no seu conxunto terá un peso na nota final do 60%.

A proba práctica valorase coa seguinte fórmula:

$$B = (B \text{ parte } 1 * 0,6) + (B \text{ parte } 2 * 0,3) + (B \text{ estética, amigabilidade e presentación } * 0,1)$$

NOTA.- Será imprescindible obter una puntuación igual ou superior a 5 puntos nas dúas probas "A e B", tanto na teórica como a práctica para poder superar o módulo  
Esta proba non se avaliará de non funcionar correctamente.

$$- \text{A NOTA FINAL será "Nota Final} = (A * 0,4) + (B * 0,6) \text{"}$$

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009131	Universidade Laboral	Ourense	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0937	Sistemas eléctricos e electrónicos	2023/2024	0	213	0
MP0937_12	Equipamento eléctrico industrial	2023/2024	0	60	0
MP0937_22	Configuración, montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial	2023/2024	0	153	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

<b>Profesorado asignado ao módulo</b>	JUAN FERNÁNDEZ LÓPEZ, FRANCISCO JAVIER MOSQUERA LÓPEZ (Subst.)
<b>Outro profesorado</b>	FRANCISCO JAVIER MOSQUERA LÓPEZ

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0937_22) RA1 - Configura os automatismos de natureza electrotécnica a nivel de máquina ou instalación automatizada, adoptando a solución máis axeitada e cumprindo as condicións de funcionamento establecidas.
(MP0937_12) RA1 - Identifica os elementos de natureza eléctrica-electrónica nunha máquina, nun equipamento industrial ou nunha liña automatizada, describindo a función que realizan e a súa relación co resto de elementos.
(MP0937_22) RA2 - Monta instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos asociados, interpretando esquemas e aplicando técnicas de montaxe.
(MP0937_22) RA3 - Diagnostica avarías e disfuncións en instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos asociados, e identifica as súas causas, en relación cos elementos responsables.
(MP0937_22) RA4 - Mantén instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos asociados, substituindo elementos, verificando o funcionamento da instalación e aplicando estratexias asociadas ao mantemento predictivo, correctivo e preventivo.
(MP0937_22) RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos para os previr.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0937_12) CA1.1 Identificouse a estrutura e os compoñentes que configuran as instalacións de subministración de enerxía eléctrica nunha máquina ou liña automatizada.
(MP0937_22) CA1.1 Definíronse as características funcionais dos automatismos eléctricos que se vaian empregar nas partes da máquina ou liña automatizada.
(MP0937_12) CA1.2 Identifícaronse os tipos e as características dos PLC e dos PC industriais.
(MP0937_22) CA1.2 Identifícaronse os tipos de procesos industriais.
(MP0937_12) CA1.3 Identifícaronse os actuadores de natureza eléctrica presentes nas máquinas ou liñas automatizadas.
(MP0937_22) CA1.3 Identificouse a estrutura dunha instalación automática industrial.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0937\_12) CA1.4 Relacionáronse os sensores e os transdutores da máquina co resto de elementos.

(MP0937\_22) CA1.4 Recoñecéronse aplicacións automáticas nos sistemas industriais.

(MP0937\_12) CA1.5 Identificáronse os dispositivos e a estrutura dos buses de comunicacións nunha máquina ou liña automatizada.

(MP0937\_22) CA1.5 Definíronse os niveis de automatización industrial.

(MP0937\_12) CA1.6 Identificáronse as características dos motores de corrente continua e alterna, así como dos transformadores.

(MP0937\_22) CA1.6 Identificáronse os sistemas para controlar procesos industriais de tipo discreto.

(MP0937\_12) CA1.7 Relacionáronse os parámetros dos motores de corrente alterna e continua (monofásicos e trifásicos) e transformadores co seu funcionamento en servizo e baleiro.

(MP0937\_22) CA1.7 Identificáronse as tecnoloxías de automatización (con cables e programable) a nivel industrial.

(MP0937\_12) CA1.8 Recoñecéronse os sistemas convencionais e electrónicos de arranque, variación de velocidade e freada de motores asíncronos de corrente alterna.

(MP0937\_22) CA1.8 Propuxéronse solucións de configuración de automatismos eléctricos a nivel de máquina ou instalación automatizada.

(MP0937\_12) CA1.9 Identificáronse os sistemas de corrección do factor de potencia e a súa influencia nas instalacións.

(MP0937\_22) CA1.9 Calculáronse os valores das magnitudes dos parámetros da instalación.

(MP0937\_12) CA1.10 Elaboráronse esbozos dos sistemas de control e regulación electrónica de motores asíncronos de corrente alterna.

(MP0937\_22) CA1.10 Adoptouse a solución máis adecuada, cumprindo os requisitos de funcionamento e de custo esixidos.

(MP0937\_12) CA1.11 Identificáronse as magnitudes para controlar nos sistemas de regulación de velocidade de motores asíncronos de corrente alterna.

(MP0937\_22) CA1.11 Selecciónáronse os elementos de natureza eléctrica para realizar a función demandada.

(MP0937\_12) CA1.12 Calculáronse parámetros e magnitudes fundamentais das instalacións.

(MP0937\_22) CA1.12 Realizáronse planos e esquemas de principio dos automatismos eléctricos, utilizando ferramentas informáticas.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0937\_12) CA1.13 Caracterizáronse os elementos de protección empregados nas instalacións eléctricas.

(MP0937\_22) CA1.13 Utilizouse a simboloxía normalizada.

(MP0937\_22) CA1.14 Elaboráronse diagramas funcionais.

(MP0937\_22) CA1.15 Seleccionáronse en catálogos os elementos dos sistemas de mando e manobra.

(MP0937\_22) CA2.1 Identifícanse os procedementos utilizados na montaxe e no mantemento das instalacións.

(MP0937\_22) CA2.3 Elaborouse un plan de montaxe da instalación.

(MP0937\_22) CA2.6 Identifícanse as variables físicas que haxa que regular ou controlar.

(MP0937\_22) CA2.8 Realizáronse axustes.

(MP0937\_22) CA2.9 Documentouse o proceso de montaxe.

(MP0937\_22) CA3.5 Localizouse o subsistema ou bloque responsable.

(MP0937\_22) CA3.7 Documentouse o proceso de diagnose.

(MP0937\_22) CA4.1 Elaborouse un procedemento de intervención.

(MP0937\_22) CA5.2 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.

(MP0937\_22) CA5.4 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.

(MP0937\_22) CA5.6 Identificouse o uso correcto dos elementos de seguridade e dos equipamentos de protección individual e colectiva.

(MP0937\_22) CA5.8 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.

(MP0937\_22) CA5.9 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0937_22) RA1 - Configura os automatismos de natureza electrotécnica a nivel de máquina ou instalación automatizada, adoptando a solución máis axeitada e cumprindo as condicións de funcionamento establecidas.
(MP0937_12) RA1 - Identifica os elementos de natureza eléctrica-electrónica nunha máquina, nun equipamento industrial ou nunha liña automatizada, describindo a función que realizan e a súa relación co resto de elementos.
(MP0937_22) RA2 - Monta instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos asociados, interpretando esquemas e aplicando técnicas de montaxe.
(MP0937_22) RA3 - Diagnostica avarías e disfuncións en instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos asociados, e identifica as súas causas, en relación cos elementos responsables.
(MP0937_22) RA4 - Mantén instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos asociados, substituindo elementos, verificando o funcionamento da instalación e aplicando estratexias asociadas ao mantemento predictivo, correctivo e preventivo.
(MP0937_22) RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos para os previr.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0937_12) CA1.2 Identifícanse os tipos e as características dos PLC e dos PC industriais.
(MP0937_12) CA1.3 Identifícanse os actuadores de natureza eléctrica presentes nas máquinas ou liñas automatizadas.
(MP0937_22) CA1.3 Identifícase a estrutura dunha instalación automática industrial.
(MP0937_12) CA1.6 Identifícanse as características dos motores de corrente continua e alterna, así como dos transformadores.
(MP0937_22) CA1.6 Identifícanse os sistemas para controlar procesos industriais de tipo discreto.
(MP0937_12) CA1.7 Relacionáronse os parámetros dos motores de corrente alterna e continua (monofásicos e trifásicos) e transformadores co seu funcionamento en servizo e baleiro.
(MP0937_22) CA1.7 Identifícanse as tecnoloxías de automatización (con cables e programable) a nivel industrial.
(MP0937_12) CA1.8 Recoñécéronse os sistemas convencionais e electrónicos de arranque, variación de velocidade e freada de motores asíncronos de corrente alterna.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0937\_12) CA1.10 Elaboráronse esbozos dos sistemas de control e regulación electrónica de motores asíncronos de corrente alterna.

(MP0937\_12) CA1.11 Identificáronse as magnitudes para controlar nos sistemas de regulación de velocidade de motores asíncronos de corrente alterna.

(MP0937\_12) CA1.12 Calculáronse parámetros e magnitudes fundamentais das instalacións.

(MP0937\_22) CA1.12 Realizáronse planos e esquemas de principio dos automatismos eléctricos, utilizando ferramentas informáticas.

(MP0937\_12) CA1.13 Caracterizáronse os elementos de protección empregados nas instalacións eléctricas.

(MP0937\_22) CA1.13 Utilizouse a simboloxía normalizada.

(MP0937\_22) CA1.14 Elaboráronse diagramas funcionais.

(MP0937\_22) CA2.2 Seleccionáronse as ferramentas de acordo co tipo de intervención.

(MP0937\_22) CA2.3 Elaborouse un plan de montaxe da instalación.

(MP0937\_22) CA2.4 Realizáronse implantacións das instalacións.

(MP0937\_22) CA2.5 Montáronse e conectáronse equipamentos e elementos das instalacións.

(MP0937\_22) CA2.6 Identificáronse as variables físicas que haxa que regular ou controlar.

(MP0937\_22) CA2.7 Verificouse o funcionamento da instalación.

(MP0937\_22) CA2.8 Realizáronse axustes.

(MP0937\_22) CA2.9 Documentouse o proceso de montaxe.

(MP0937\_22) CA3.1 Elaborouse un plan de intervención para o diagnóstico da avaría.

(MP0937\_22) CA3.2 Identificáronse os síntomas da avaría ou disfunción.

(MP0937\_22) CA3.3 Realizáronse medidas nos circuitos.

## Criterios de avaliación do currículo

(MP0937\_22) CA3.4 Elaboráronse hipóteses das posibles causas da avaría ou disfunción.

(MP0937\_22) CA3.5 Localizouse o subsistema ou bloque responsable.

(MP0937\_22) CA3.6 Identificáronse os elementos que producen as disfuncións ou avarías.

(MP0937\_22) CA3.7 Documentouse o proceso de diagnose.

(MP0937\_22) CA3.8 Traballouse en equipo.

(MP0937\_22) CA4.1 Elaborouse un procedemento de intervención.

(MP0937\_22) CA4.2 Reconstruíuse parte da instalación.

(MP0937\_22) CA4.3 Substituíronse elementos das instalacións.

(MP0937\_22) CA4.4 Aplicáronse técnicas de mantemento preventivo, correctivo e predictivo.

(MP0937\_22) CA4.5 Realizáronse axustes nas instalacións.

(MP0937\_22) CA4.6 Púxose en funcionamento a instalación.

(MP0937\_22) CA4.7 Tivéronse en conta os tempos de realización das operacións de mantemento.

(MP0937\_22) CA4.8 Documentáronse as intervencións realizadas.

(MP0937\_22) CA4.9 Traballouse en equipo.

(MP0937\_22) CA5.1 Operouse tendo en conta as disposicións regulamentarias para a protección da saúde e a seguridade do persoal fronte ao risco eléctrico.

(MP0937\_22) CA5.2 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.

(MP0937\_22) CA5.3 Operouse con máquinas e ferramentas, respectando as normas de seguridade.

(MP0937\_22) CA5.4 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0937\_22) CA5.5 Recoñecéronse os elementos de seguridade e os equipamentos de protección individual e colectiva (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantemento.

(MP0937\_22) CA5.6 Identificouse o uso correcto dos elementos de seguridade e dos equipamentos de protección individual e colectiva.

(MP0937\_22) CA5.7 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

(MP0937\_22) CA5.8 Identificáronse as posibles fontes de contaminación ambiental.

(MP0937\_22) CA5.9 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

(MP0937\_22) CA5.10 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

A CONTINUACIÓN PRESENTÁSE UN RESUMEN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES ASOCIADOS Ó MÓDULOS MP0937 (Sistemas Eléctricos e Electrónicos).

- 1 Coñecer os fundamentos da electrotecnia e saber aplicalos no dimensionado, montaxe e mantemento das instalacións e sistemas eléctrico-electrónicos.
- 2 Determinar os parámetros e magnitudes que definen o comportamento das instalacións eléctricas.
- 3 Manexar o procedemento para obtela previsión de cargas en función da tipoloxía dos consumos que conforman os sistemas eléctricos.
- 4 Dimensionar o equipamento que permite compensar os consumos de Enerxía Reactiva nas instalacións e sistemas eléctricos.
- 5 Entender a constitución e funcionamento dos sistemas de compensación de reactiva para facer a súa montaxe, posta en servizo e mantemento.
- 6 Entender a constitución e funcionamento do sistema eléctrico dende a xeración ata que presta servizo de subministro de enerxía eléctrica ás instalacións e equipos eléctrico-electrónicos.
- 7 Entender a constitución das instalacións de enlace, como sistema de subministro enerxético, sabendo a diferenza segundo a tipoloxía do aboad.
- 8 Coñecer a constitución e funcionamento dos centros de transformación finais de liña de distribución.
- 9 Entender a constitución e funcionamento das máquinas eléctricas estáticas de tipo transformador.
- 10 Manexar axeitadamente o procedemento de instalación e manobra dos transformadores.
- 11 Implementar a metodoloxía de mantemento dos transformadores e as actuacións derivadas que requiran.
- 12 Determinar as necesidades de protección das instalacións eléctricas, e dimensionalas segundo a previsión de cargas e a tipoloxía dos consumos eléctricos.
- 13 Implementar as técnicas de protección de instalacións eléctricas, empregando a aparamenta axeita segundo as necesidades de subministración e as características específicas dos consumos.
- 14 Coñecer a constitución, funcionamento, montaxe e mantemento das instalacións de posta a terra como elemento de protección dos sistemas eléctrico-electrónicos.
- 15 Dimensionar, montar, por en servizo e manter os sistemas eléctricos e electrónicos presentes nos edificios de vivendas.

- 16 Dimensionar, montar, por en servizo e manter os sistemas eléctricos e electrónicos presentes nos complexos industriais.
- 17 Dimensionar, montar, por en servizo e manter as instalacións e sistemas complementarios (especialmente referidos a sistemas luminotécnicos) presentes nos edificios e complexos industriais.
- 18 Empregar os procedementos que permitan acadar a mellor solución para dimensionado e montaxe dos sistemas eléctricos-electrónicos, segundo as necesidades recollidas nas especificacións.
- 19 Determinar a solución que permita cubrir as necesidades de manobra e protección tanto da propia instalación eléctrica como dos receptores que a constitúen.
- 20 Seleccionar a máquina eléctrica que mellor se axeite ás necesidades da aplicación na cal funciona.
- 21 Entender a constitución e funcionamento das máquinas eléctricas rotativas de corrente continua.
- 22 Empregar, instalar e manter axeitadamente as máquinas eléctricas rotativas de corrente continua.
- 23 Entender a constitución e funcionamento das máquinas eléctricas rotativas de corrente alterna.
- 24 Distinguir as diferentes tipoloxías de máquinas eléctricas rotativas de corrente alterna, e saber analizar os parámetros que as caracterizan.
- 25 Elixir adecuadamente a máquina eléctrica rotativa de corrente alterna que mellor se adapte ás necesidades de funcionamento da aplicación na que se vai empregar.
- 26 Empregar, instalar e manter axeitadamente as máquinas eléctricas rotativas de corrente alterna, atendendo as particularidades das diferentes tipoloxías.
- 27 Entender o principio de funcionamento dos dispositivos electrónicos de potencia que constitúen a base constructiva dos equipos electrónicos de manobra e protección.
- 28 Empregar os dispositivos baseados na electrónica de potencia que permiten facer manobra e protección avanzada atendendo ás necesidades da instalación.
- 29 Coñecer as novas tecnoloxías existentes, así como as posibilidades que aportan, no eido da aparatura eléctrico-electrónica, así como as posibilidades de aplicación. Terán especial relevancia os equipos asociados coa protección e manobra avanzada das máquinas eléctricas.
- 30 Coñecer a constitución dos sistemas automatizados que están presentes nas edificacións destinadas principalmente a vivendas e nas infraestructuras industriais.
- 31 Conexionar axeitadamente os diferentes módulos que constitúen as infraestructuras eléctrico-electrónicas nos edificios e instalacións industriais.
- 32 Facer o mantemento das instalacións eléctricas segundo os procedementos establecidos e cos criterios de calidade necesarios para a correcta actuación sobre as instalacións en condicións de seguridade.
- 33 Operar en procesos de montaxe, posta en servizo e mantemento con procedementos de seguridade, salvagardando a integridade tanto da instalación como do propio traballador.
- 34 Ter capacidade de integración nas equipas de traballo e operar nas tarefas de montaxe e posta en servizo das instalacións de acordo coas actuacións recollidas nos proxectos de obra.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- O sistema de avaliación para os alumnos que cursan polo réximen de proba libre constan de dúas partes.
- Cada unha das probas terán unha cualificación comprendida entre 0 e 10 puntos.
- A primeira parte da proba, que se corresponde coa parte teórica, consta de 10 preguntas (que poden ter diferentes sub-apartados). Cada unha das preguntas puntúase con unha cualificación entre 0 e 1. Os subapartados terán unha puntuación comprendida entre 0 e a parte proporcional de cada un deles referida ó total da pregunta (que sempre vale 1 punto).
- A segunda parte consta de 4 exercicios de tipo práctico. Cada un dos exercicios terán unha puntuación comprendida entre 0 e 2.5 puntos. No caso de que existan sub-apartados por cada exercicio estes obterán unha puntuación comprendida entre 0 e a parte proporcional de cada un deles referido ó total do exercicio (que sempre vale 2.5 puntos).
- A puntuación de cada un dos aspectos avaliados correspóndese nun 70% segundo a adecuación ós contidos de referencia asociados. O 30% restante correspóndese coa capacidade de presentación, xustificación da resposta e adecuación ás situacións plantexadas na pregunta.
- A presentación de exercicios ou preguntas sen adecuación os formatos e criterios de presentación e realización que se especifican no enunciado supón a anulación total do exercicio.

- A entrega fora dos tempos establecidos para a realización das probas supón a anulación completa da proba, o que deriva nunha cualificación do módulo de 0 puntos.
- O emprego de material non autorizado durante a realización das probas supón a anulación completa da proba, o que deriva nunha cualificación do módulo de 0 puntos.
- As dúas partes fan media aritmética, sempre que se cumpran os criterios asociados para poder facer media, entre si para obter a cualificación final do módulo. O criterio para poder facer media, establece a necesidade de obter unha nota mínima en cada parte de 4 puntos.
- Sempre que a media das partes (si se cumpren os criterios para facer media) acade unha nota igual ou superior a 5 puntos, considérase superado o módulo.
- Si en algunha das partes non se acada unha nota mínima de 4 puntos considérase que non se acadaron as condicións para facer media entre partes e polo tanto repercute nun suspenso do módulo.
- Se como resultado da media entre as partes non se acada unha nota igual ou superior a 5 puntos considérase un suspenso no módulo.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

###### PARTE TEÓRICA:

A primeira parte da proba ten carácter teórico e ríxese polos seguintes criterios:

- Terá unha duración máxima de 2.5 horas.
- Está composta por 10 preguntas que poden incluír subapartados.
- Cada exercicio puntúa con 1 puntos.
- Os subapartados dentro dun exercicio puntúan en relación proporcional entre a puntuación total do exercicio e o número de subapartados existente.
- A puntuación será proporcional entre 0 e o valor asignado a cada un dos aspectos puntuables (ven referido a un exercicio completo ou a un subapartado).
- Para facer a puntuación valórase nun 70% a adecuación os contidos. O 30% restante correspóndese coa capacidade de presentación, xustificación da resposta e adecuación ás situacións plantexadas na pregunta.
- As preguntas 1, 2, 3, 4, 5 correspóndense coas Unidade Formativa MP0937\_12 e as preguntas 6, 7, 8, 9, 10 correspóndense coa Unidade Formativa MP0937\_22.
- Para confeccionar a cualificación final aplicarase un coeficiente de ponderación asociado co peso correspondente de cada Unidade Foramtiva tal como se recolle na programación didáctica.
- Os alumnos que teñan Unidades Formativa xustificadas con anterioridade só deberán facer as preguntas asociada coa Unidade Formativa que teñan pendiente.
- Para que unha pregunta se poida puntuar axeitadamente deberá estar debidamente xustificada.
- Para realizar os exercicios sóamente se poderá empregar a documentación entregada polo profesor no momento da realización da proba.
- A normativa de referencia respecto das máquinas e instalacións que se deba ter en consideración no desempeño das solución é aportada polo profesor no momento da realización da proba.
- O alumno poderá empregar ferramentas de cálculo automático, sen capacidade de programación, e instrumentos para redacción das respostas.
- O material complementario necesario para o desenvolvemento dos exercicios será entregado polo profesor e deberá ser devolto en perfecto estado á finalización das probas.
- Para efectuar a avaliación o profesor poderá pedir as explicacións que considere oportunas a finalización da proba con obxeto de poder clarificar as respostas aportadas.
- Ademáis da valoración cotexada en presenza do alumno este deberá entregar a documentación e rexistros de solución que se indiquen no enunciado das probas.

- A documentación e rexistros de solución deberán ser entregados nos formatos e a través dos medios indicados no enunciado das probas.
- Cada unha das dez preguntas terá o formato e temática indicada a continuación. (As preguntas versarán sobre a temática especificada, sen prexuízo de que na proba poidan entrar a totalidade ou so parte dos contidos asociados con cada pregunta).
- Pregunta 1: Tratará sobre os fundamentos da electrotecnia. Consistirá na descripción dos principios básicos que describen a electrotecnia; conceptos de tensión, corrente, rexímenes de funcionamento das instalacións (transitorio, permanente), conductores, illantes, semicondutores, lei de ohm, leis de Kircchhoff, receptores e fontes de alimentación, Potencia e Enerxía. Asociación de elementos en Serie e Paralelo. Resolución de circuitos e determinación dos parámetros que definen o funcionamento do circuito; Resistencia equivalente, Condensador equivalente, tensións e correntes. Caracterización dos sinais de corrente alterna e as diferencias con respecto ós sistemas de corrente continua. Constitución das cargas eléctricas; Resistencia, Inductancia, Capacitancia, Impedancia. Resolución de circuitos de Corrente Alterna para determinar os parámetros característicos que definen o funcionamento do circuito; Impedancia, Tensións e Correntes. Determinación de Potencias e Enerxías nos sistemas e instalacións que funcionan con corrente alterna. Determinación de Potencias Activas, Reactivas, Aparentes e Factor de Potencia nos sistemas de alterna. Identificación da funcionalidade das diferentes potencias, así como as posibilidades de compensación de reactiva e as vantaxas que introduce sobre a instalación do aboado e sobre a rede de distribución. A totalidade da análise poderse realizará sobre sistemas con alimentación en continua ou alterna e para os de alterna con subministro mediante subministro en monofásica ou trifásica.
- Pregunta 2: Tratará sobre a protección dos receptores e sistemas eléctricos. Defectos comúns nas instalacións eléctricas; sobrecarga, cortocircuito, sobretensións, defectos de fase e defectos a terra. Técnicas e sistemas de protección; protección térmica, magnética, diferencial, fusión, varistores, e monitorización electrónica. Determinación das diferencias nos sistemas de protección segundo as características da carga e a tipoloxía dos elementos (curvas de disparo e resposta do elemento ante o fallo). Diferenciación entre a protección de receptores e a protección de sistemas e instalacións eléctricas.
- Pregunta 3: Esta pregunta estará en relación cos fundamentos da automatización industrial. Estructura funcional de un sistema automatizado e partes operativas, elementos que interveñen na automatización industrial. Caracterización dos tipos de procesos e estratexia de deseño de solucións a aplicar segundo o tipo de proceso. Elementos de control e dispositivos para captación de información do proceso e de actuación sobre o proceso. Equipos de captación de datos, sensores, transdutores, pontes de medida. Equipos de saída para actuación sobre o proceso; sistemas electromecánicos e electrónicos.
- Pregunta 4: Tratará sobre os principios do magnetismo e do electromagnetismo. Parámetros que describen un campo magnético; inducción, fluxo, campo magnético creado por un conductor o unha bobina recorrida por unha corrente eléctrica. Interacción entre campos eléctricos e entre campo eléctrico e corrente. Fenómenos de inducción electromagnética; situación de fluxo variable, leis de Oesrted, Faraday e Lenz. Diferenciación entre circuitos eléctricos e circuitos magnéticos. Aplicacións do magnetismo e do electromagnetismo. Nesta pregunta tamén se inclúen os contidos asociados coas máquinas eléctricas estáticas (Transformadores); constitución, partes funcionais, funcionamento e determinación de parámetros. Poderase pedir o cálculo de parámetros tales como: valores nominais de correntes, correntes de cortocircuito, perdas no transformador, rendemento, caídas de tensión, e parámetros de deseño constructivo.
- Pregunta 5: Tratará sobre a constitución e determinación de parámetros eléctricos nas Máquinas eléctricas rotativas. Análise da constitución e funcionamento das diferentes máquinas eléctricas rotativas: Máquinas de corrente continua (cos diferentes tipos de excitación), Máquinas de Corrente Alterna, nas diferentes constitucións (Síncronas / Asíncronas) (Monofásicas / Trifásicas). Determinación de diferentes parámetros característicos que definen unha máquina rotativa de corrente alterna. Os parámetros a determinar poden ser: Forza electromotriz, forza contraelectromotriz, corrente nominal, potencia nominal, número de polos da máquina, velocidade de sincronismo, deslizamento da máquina, potencia absorbida, potencia perdida, potencia cedida, perdas no rotor, perdas no estátor, perdas mecánicas, rendemento, par nominais, valores máximos de par e corrente, valores de arranque de par e corrente, parámetros para arranque a tensión reducida.
- Pregunta 6: Tratará sobre os sistemas de subministro de enerxía eléctrica determinación da previsión de carga nos sistemas eléctrico-electrónicos que incorporen principalmente máquinas eléctricas. Así como o dimensionado e determinación de funcionalidade dos equipos de compensación de reactiva. Descripción dos elementos que implementan a parte de instalación de subministro eléctrico dende a rede de distribución ata a o cadro principal da instalación. Poderanse preguntar aspectos relativos á instalación en xeral, partes que a conforman, ou relativos a constitución, configuración e funcionamento dos elementos que a conforman. Determinar Potencias e parámetros eléctricos de referencia, nunha instalación con varios receptores sobre cada un dos receptores e sobre o conxunto da instalación. Sobre os datos totais deberase facer

un dimensionado da instalación de compensación de reactiva.

- Pregunta 7: Tratará sobre o deseño de solucións de manobra e protección sobre as máquinas e instalacións. Deseño de solucións de manobra de máquinas e instalacións en función das especificacións de funcionamento. Análise dos equipos de manobra de Potencia. Diferenciación entre parte de mando e parte de forza identificando a aparelamenta asociada a cada parte funcional. Tratará nas especificacións das técnicas de deseño, dos equipos e sistemas de automatización e na realización de solucións de automatización a partir das especificacións propostas. Os sistemas prácticos estarán orientados a manobra de máquinas e instalacións.

- Pregunta 8: Estará en relación cos sistemas de verificación de funcionamento das instalacións para detección de disfuncións de funcionamento. Tanto para instalacións en funcionamento como para deseño novos deberase incorporar funcionalidade avanzada para optimizar o funcionamento da instalación. Integración dos sistemas e equipos de control electrónico nas instalacións automatizadas; Controladores Electrónicos, Variadores de Velocidade, Arrancadores Suaves, Dispositivos electrónicos de Potencia. Consistirá na descripción das técnicas de optimización de instalación, análise dos equipos electrónicos para automatización de sistemas e deseño de solucións de automatización que integren estes equipos. Para as instalacións deseñadas deberá de incluírse a documentación técnica e de especificacións de montaxe asociada.

- Pregunta 9: Pregunta asociada coa montaxe, posta en servizo e mantemento de instalacións con funcionamento automático. Técnicas de posta en servizo e montaxe de instalacións. Mantemento das instalacións nas súas diferentes concepcións; mantemento preventivo, predictivo e correctivo. Tratará no deseño de plans de montaxe, posta en servizo das instalacións, así como dos mecanismos que interveñen neste tipo de actuacións.

- Pregunta 10: Tratará sobre a prevención de riscos laborais e sistemas de xestión medioambiental. Terá dúas partes diferenciadas:

PARTE A: Estará asociada coa normativa de prevención de riscos laborais, análise de riscos nas instalacións e deseño de procedementos para traballar en condicións de seguridade. Terá especial atención todo o asociado cos riscos eléctricos e traballo en condicións de seguridade para os traballadores.

PARTE B: Estará asociada coa normativa de protección medioambiental e xestión de residuos. Análise das situacións para protección do medio ambiente e xestión dos residuos xerados nas instalacións.

#### 4.b) Segunda parte da proba

PARTE PRÁCTICA:

A segunda parte da proba ten carácter práctico e ríxese polos seguintes criterios:

- Terá unha duración máxima de 2.5 horas.
- Está composta por 4 exercicios que poden incluír subapartados.
- Cada exercicio puntúa con 2.5 puntos.
- Os subapartados dentro dun exercicio puntúan en relación proporcional entre a puntuación total do exercicio e o número de subapartados existente.
- A puntuación será proporcional entre 0 e o valor asignado a cada un dos aspectos puntuables (ven referido a un exercicio completo ou a un subapartado).
- Para facer a puntuación valórase nun 70% a adecuación ós contidos. O 30% restante correspóndese coa capacidade de presentación, xustificación da resposta e adecuación ás situacións plantexadas na pregunta.
- As preguntas 1 correspóndense coas Unidade Formativa MP0937\_12 e as preguntas 2, 3, 4 correspóndense coa Unidade Formativa MP0937\_22.
- Para confeccionar a cualificación final aplicarase un coeficiente de ponderación asociado co peso correspondente de cada Unidade Foramtiva tal como se recolle na programación didáctica.

- Os alumnos que teñan Unidades Formativa xustificadas con anterioridade só deberán facer as preguntas asociada coa Unidade Formativa que teñan pendiente.
  - Para realizar os exercicios sóamente se poderá empregar a documentación entregada polo profesor no momento da realización da proba.
  - O alumno poderá empregar ferramentas de cálculo automático, sen capacidade de programación, e instrumentos para redacción das respostas.
  - O material complementario necesario para o desenvolvemento dos exercicios será entregado polo profesor e deberá ser devolto en perfecto estado á finalización das probas.
  - Para efectuar a avaliación o profesor tomará rexistro das montaxes feitas en presenza do alumno e fará as preguntas que estime oportunas para comprobar a correcta adecuación das solucións, ó funcionamento axeitado das solucións e para determinar o grao de manexo dos contidos por parte do alumno.
  - Ademais da valoración cotexada en presenza do alumno este deberá entregar a documentación e rexistros de solución que se indiquen no enunciado das probas.
  - A documentación e rexistros de solución deberán ser entregados nos formatos e a través dos medios indicados no enunciado das probas.
- Cada unha dos catro exercicios terá o formato e temática indicada a continuación.
- Pregunta 1: Tratará sobre a montaxe, configuración e posta en servizo dun sistema eléctrico con cadro de proteccións. Inclúe tres partes:  
PARTE A: Partindo dun caso práctico o alumno deberá facer a montaxe e conexión do cadro eléctrico para cubrir as necesidades de subministración eléctrica a unha instalación eléctrica, a un receptor ou a un conxunto de receptores.  
PARTE B: Partindo dos datos eléctricos que definen unha instalación, un receptor ou un conxunto de receptores o alumno terá que deseñar o sistema de protección contra sobrecargas, cortocircuitos, sobretensións e defectos a terra. O sistema eléctrico de referencia poderá estar enfocado no sector residencial ou ben no sector industrial.  
PARTE C: Partindo de unha especificación de deseño o alumno deberá de montar o elemento de manobra que permita satisfacer as necesidades de funcionamento da instalación. As manobras que se poder incluír son: Conexión e desconexión dende un punto ou dende varios, manobras temporizadas, manobras con mando diferido e manobras combinadas dos elementos anteriores.
  - Pregunta 2: Tratará sobre o conexiónado manobra e protección das máquinas eléctricas. Consistirá no conexiónado e posta en servizo de unha máquina eléctrica con funcionamento automático, segundo a tipoloxía da máquina e tendo en conta as especificacións particulares da instalación. As máquinas poden ser dun dos tipos seguintes, en calquera dos seus formatos: Transformador, Motor de CC, Motor de CA, Xerador de CC, Xerador de CA.
  - Pregunta 3: Tratará sobre o manexo dos sistemas programados na protección, manobra e control das máquinas eléctricas. Consistirá na montaxe, conexiónado, configuración, posta a punto e manobra de un motor asíncrono trifásico empregando un variador de velocidade.
  - Pregunta 4: Tratará sobre A montaxe e mantemento, nas súas diferentes concepcións, das máquinas e sistemas eléctrico-electrónicos. Esta pregunta ten dúas partes coa seguinte temática:  
PARTE A: Consistirá na realización de tarefas de mantemento, en calquera das súas concepcións (preventivo, predictivo, reparación de avarías), sobre unha máquina ou un sistema eléctrico-electrónico.  
PARTE B: Consistirá no deseño e montaxe de un sistema de alimentación, protección, posta en servizo e manobra dun sistema eléctrico-electrónico. Para esta implementación empregaranse elementos do tipo: envolventes de equipos eléctricos, dispositivos de protección, dispositivos de manobra convencional para circuitos de mando e forza, elementos de conexiónado e condutores eléctricos de interconexión.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009131	Universidade Laboral	Ourense	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0938	Elementos de máquinas	2023/2024	0	107	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ROMÁN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Determina a función das partes e dos elementos dun sistema mecánico, e a súa relación co resto de compoñentes, analizando a documentación técnica.
RA2 - Relaciona solucións construtivas de mecanismos coas súas funcións, interpretando o sistema no seu conxunto.
RA3 - Obtén os datos dos materiais de elementos de máquinas, relacionando as características destes cos seus requisitos funcionais, técnicos e económicos.
RA4 - Selecciona compoñentes comerciais de elementos mecatrónicos, valorando as súas condicións operativas.
RA5 - Calcula as magnitudes cinemáticas e dinámicas de operación de cadeas cinemáticas, partindo dunha configuración dada.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse os elementos comerciais utilizados nos conxuntos mecánicos.
CA1.2 Determináronse as súas características físicas a partir de planos e catálogos técnicos.
CA1.3 Relacionáronse os mecanismos en función das transformacións do movemento que producen.
CA1.4 Identifícanse os órganos de transmisión e a súa función nas cadeas cinemáticas.
CA1.5 Relacionáronse os elementos de máquinas coa súa función.
CA1.6 Definíronse os efectos da lubricación no comportamento dos elementos e órganos.
CA1.7 Definíronse os sistemas de lubricación de órganos de máquinas e os elementos que os compoñen.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA2.1 Determináronse as solicitacións requiridas aos elementos do mecanismo, en función das súas especificacións.

CA2.2 Calculáronse os límites de operación do mecanismo, en función das características físicas, técnicas e xeométricas dos seus elementos.

CA2.3 Determinouse a relación entre as variables de entrada e saída do mecanismo.

CA2.4 Xustificouse a selección destes compoñentes en detrimento doutras alternativas semellantes.

CA2.5 Identificáronse as tolerancias xeométricas e superficiais dos seus elementos, en función das prestacións e as precisións requiridas.

CA2.6 Determinouse o tipo de axuste de acordo coa función do mecanismo.

CA2.7 Usáronse sistemas informáticos para o dimensionamento de elementos.

CA3.1 Relacionáronse as propiedades físicas, químicas e mecánicas dos materiais coas necesidades dos elementos.

CA3.2 Relacionouse a influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material.

CA3.3 Relacionáronse os tratamentos térmicos e termoquímicos empregados respecto dos seus efectos sobre os materiais.

CA3.4 Identificouse a necesidade de protección ou lubricación nos materiais usados.

CA3.5 Identificouse a influencia das propiedades do material no desenvolvemento dos procesos de mantemento industrial.

CA3.6 Designáronse os materiais, empregando codificación normalizada.

CA4.1 Seleccionáronse as fórmulas e as unidades que se vaian utilizar no cálculo dos elementos, en función das características destes.

CA4.2 Obtívose o valor dos esforzos que actúan sobre os elementos de transmisión, en función das solicitacións que se vaian transmitir (velocidade máxima, potencia, esforzo máximo, etc.).

CA4.3 Dimensionáronse os diversos elementos e órganos, aplicando cálculos, normas, ábacos, táboas, etc., imputando os coeficientes de seguridade necesarios.

CA4.4 Escolleuse o compoñente comercial máis apropiado, segundo o dimensionamento realizado.

CA4.5 Calculouse a vida útil dos elementos normalizados sometidos a desgaste ou rotura.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA5.1 Seleccionáronse as fórmulas e as unidades que se vaian utilizar no cálculo dos elementos, en función das características destes.

CA5.2 Determináronse as dimensións xeométricas necesarias.

CA5.3 Calculáronse as velocidades lineais e de rotación a partir das especificacións de partida.

CA5.4 Calculouse o valor do par e da potencia transmitidos.

CA5.5 Determináronse a relación e o rendemento de transmisión da cadea cinemática.

CA5.6 Usáronse sistemas informáticos para o cálculo de magnitudes cinemáticas e dinámicas de mecanismos.

**2.2. Segunda parte da proba****2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA1 - Determina a función das partes e dos elementos dun sistema mecánico, e a súa relación co resto de compoñentes, analizando a documentación técnica.

RA2 - Relaciona solucións construtivas de mecanismos coas súas funcións, interpretando o sistema no seu conxunto.

RA4 - Selecciona compoñentes comerciais de elementos mecatrónicos, valorando as súas condicións operativas.

RA5 - Calcula as magnitudes cinemáticas e dinámicas de operación de cadeas cinemáticas, partindo dunha configuración dada.

**2.2.2. Crterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado****Crterios de avaliación do currículo**

CA1.3 Relacionáronse os mecanismos en función das transformacións do movemento que producen.

CA1.4 Identificáronse os órganos de transmisión e a súa función nas cadeas cinemáticas.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA1.5 Relacionáronse os elementos de máquinas coa súa función.

CA1.6 Definíronse os efectos da lubricación no comportamento dos elementos e órganos.

CA1.7 Definíronse os sistemas de lubricación de órganos de máquinas e os elementos que os compoñen.

CA2.1 Determináronse as solicitacións requiridas aos elementos do mecanismo, en función das súas especificacións.

